

PROTOCOLO EDUCACIÓN FÍSICA

Na situación actual, e dende todas as instancias, estase a poñer énfasis na importancia da práctica física para a preservación da saúde en todas as súas facetas, tanto de prevención como de recuperación das propias capacidades. Na escola con máis razón, non só para desenvolver o currículo da Educación Física, senón para dotar ao alumnado das ferramentas necesarias para medrar como persoas que disfrutan dunha vida saudable. A materia resultará fundamental no desenvolvemento integral do alumnado e tamén na súa adquisición de destrezas non só físicas senón mentales que lle permitan xestionar de xeito satisfactorio as dificultades e a incerteza na que estamos a vivir.

O alumnado e as súas familias serán informados deste protocolo de obrigado cumprimento en aras da seguridade e a saúde de todos e todas, e poderá evolucionar para adecuarse as normas e novas circunstancias que vaian xurdindo ao longo do curso. O incumprimento do mesmo conlevará a aplicación das medidas establecidas no RRI do centro.

MATERIAL NECESARIO PARA A PRÁCTICA DA EDUCACIÓN FÍSICA:

Obrigatorio:

- Roupas e calzado deportivo axeitados.
- Máscara para empregar na aula de EF e outra de reposto (nun sobre, estoxo ou bolsa) para cambiala ao finalizar.
- Camiseta e calzado para cambiarse despois da sesión.
- Absterse de empregar aneis, reloxos, pulseiras,...etc.
- Pelo recollido, no caso de telo longo.

Recomendable:

- Botella de auga individual perfectamente identificada.
- Panos húmidos desbotables para aseo persoal.
- Toalla pequena.
- Chuvasqueiro fino (terase en conta que na medida do posible, as sesións terán lugar ao aire libre e polos arredores do centro).
- Solución hidroalcohólica (o seu uso está supeditado ao previo aviso ao profesor/a).

Material didáctico:

O alumnado recibirá os apuntamentos por parte do/a docente, ou ben serán colgados na aula virtual, de xeito que non se adquirirá libro de texto.

A medida que se poidan ir empregando materiais, informarase aos rapaces e rapazas do material específico no caso de que teñan que adquirilo de xeito individual. Este terá que ser empregado coa correspondente identificación.

ADECUACIÓN AO PROTOCOLO NAS SESIÓN INTODUTORIAS:

Nas primeiras sesións do curso, explicaranse as normas e hábitos saudables para unha práctica segura, previa delimitación e marcación dos espazos. Dentro das instalacións deportivas dispórase dun resumo destas normas:

CIRCULACIÓN E ACCESO:

- O alumnado deixará as súas aulas para acceder á instalación deportiva seguindo as normas xerais de circulación e hixiene establecidas polo centro.
- Accederase ao pavillón de un en un, respectando as distancias e seguindo a sinalización existente. No caso de non facelo ao abandonar a aula, desinfectarán as mans con xel hidroalcohólico na entrada do mesmo. En ningún caso poderase acceder sen a presenza dun docente.

DENTRO DA INSTALACIÓN:

- A continuación e no caso de traer pertenzas persoais, depositarán as mesmas nos espazos individuais marcados para tal fin nas esquinas da instalación, e dirixiranse ao punto marcado na pista como posto individual para realizar a práctica. Só se poderá abandonar este punto de traballo por indicación do profesor/a.
- O alumnado lesionado/enfermo ou con calquera causa xustificada que lle impida realizar a práctica, permanecerá na súa área de efectos persoais ou ben na zona marcada para tal fin e debidamente marcada preto da zona de traballo dos compañeiros.
- No caso do alumnado que non deba empregar máscara por prescrición facultativa, e previo informe ao centro, disporá dunha zona

especial de traballo cunha distancia maior e próxima á porta de entrada, sendo o seu traballo na medida do posible de baixa intensidade.

- O alumnado que teña prescrito o uso de broncodilatadores terá a obriga de levalo consigo en todas as actividades, tanto dentro como fóra do centro, tendo moi claras a manipulación e posoloxía indicada polo facultativo.
- Priorizarase a realización de prácticas ao aire libre, e no pavillón coa correspondente distancia e ventilación, xa que se dispón de espazo para realizar unha práctica segura.
- Dentro da instalación deportiva será obrigatorio o uso da máscara agás nos momentos das sesións ou tarefas nas que se facilite a ausencia de máscara, nos cales deberán considerarse distancias máximas de separación entre o alumnado. Fóra da instalación evitarase a carreira en liña e manteranse as distancias interpersoais óptimas.
- Tanto na parte exterior do pavillón coma no interior, estará sinalizada un **ÁREA DE ALIVIO DE MÁSCARA**, para casos excepcionais de malestar, ansiedade, dificultade respiratoria, etc... Nesta área, e previo permiso do profesor, o alumno/a poderá baixar a máscara durante o menor tempo posible para reintegrarse ao traballo en canto lle resulte posible. Nesta área só pode permanecer unha persoa de cada vez.

MATERIAL E REGRESO ÁS AULAS:

- No caso de empregarse material (cuestión inicialmente a evitar), darase prioridade ao uso do material individualizado e personalizado propio de cada alumno/a. O material empregado desinfectarase despois de cada uso, cos produtos dispostos para tal fin.
- Ao finalizar a sesión, o alumnado implicarase na limpeza dos materiais (no caso de empregarse algún) e procederá ao seu aseo persoal en quendas establecidas polo/a docente, no seu posto de depósito de obxectos persoais.
- Finalmente, retornarán á súa aula de referencia saíndo de xeito individual e seguindo as normas establecidas polo centro.

USO EXCEPCIONAL DE ASEOS/VESTIARIOS:

- Tal e coma se recomendou para o funcionamento do centro, os rapaces e rapazas poderán ir aos aseos, só en caso de necesidade, durante o desenvolvemento das sesións.
- O uso dos vestiarios será excepcional, previo permiso do/a docente, respectando a sinalización específica da que estarán provistos e o aforo máximo permitido (2-3 persoas) segundo bancadas dispoñibles. Na medida do posible o alumnado virá vestido de casa.

INSTRUCCIÓNS PARA A SEMIPRESENCIALIDADE OU DOCENCIA TELEMÁTICA:

- Nestas primeiras sesións, aparte de familiarizar ao alumnado con todas as medidas adoptadas para a súa seguridade, garantirase a posibilidade de traballo en liña se a situación o requirise, promovendo a conexión e familiarización do alumnado co correo electrónico proporcionado polo centro e as distintas plataformas de traballo virtual proporcionadas para tal fin.

COLABOREMOS ENTRE TODOS/AS PARA UNHA PRÁCTICA SEGURA E SAUDABLE!